



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE 2024/C004/000008. Servizo de Festa da terceira idade 2024. Adxudicación.

José López González, secretario-interventor do Concello de Touro do que é alcalde Roberto Castro Rocamonde

CERTIFICA

Que o xoves día 5 de setembro de 2024, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, cos quórum de participación e votación legalmente esixidos, adoptou o acordo que di:

“5 EXPEDIENTE 2024/C004/000008. Servizo de Festa da terceira idade 2024. Adxudicación. ANTECEDENTES:

- Memoria de Alcaldía necesidade do contrato.
- Informe de Secretaría.
- Informe de Intervención e informe de fiscalización fase A.
- Prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.
- Certificado do acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de agosto de 2024 polo que se aprobou o expediente de contratación n.º 2024/C004/000008, mediante procedemento aberto simplificado, para a prestación do servizo “Festa da Terceira idade 2024” o 8 de setembro de 2024 cun orzamento base de licitación de 21.120,00 euros IVE incluída.
- O 9 de agosto de 2024 publicouse o anuncio de licitación no perfil do contratante deste órgano de contratación, para que no prazo de 15 días naturais se presenten as proposicións que se estimen pertinentes a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).
- Acta da Mesa de contratación de apertura de arquivos electrónicos sobre A (documentación administrativa) e B (oferta económica) celebrada o 27 de agosto de 2024 onde consta:

| | |
|---|--------------------------------|
| Tipo de contrato: Servizos | |
| Obxecto do contrato: Servizo de Festa da terceira idade 2024. | |
| Procedemento de contratación: aberto simplificado | Tipo de tramitación: Ordinaria |
| Código CPV: 55100000-1 Servizos de hostalería 55300000-3 Servizos de restaurante e de subministro de comidas 55322000-3 Servizos de elaboración de comida | |
| Valor estimado do contrato: (32,00 €/menú x 600 menús) 18.000,00 € (excluído IVE) | |
| Orzamento base de licitación IVE excluído: 19.200,00 € | IVE (21 %): 1.920,00 € |
| Orzamento base de licitación IVE incluído: 21.120,00 € | |
| Execución do contrato: 8 de setembro de 2024. | |

.../... 1º.- Apertura e calificación administrativa:

Dáse conta das ofertas presentadas así como as datas de presentación das ofertas que resultan ser:

- CASA TABOADA, S.C. (C.I.F. J70413497) en data 21/08/2024 ás 20:30 horas

Procedeuse á apertura dos sobres A (documentación administrativa) presentado pola citada empresa, trala revisión da documentación aportada polo licitador, a mesa conclúe por unanimidade admitir a empresa referida anteriormente.

- CASA TABOADA, S.C. (C.I.F. J70413497)

2º.- Apertura dos sobros B (oferta económica) dos licitadores admitidos:

| Licitador | Prezo unitario por menú | IVE | Importe oferta IVE incluída |
|--------------------|-------------------------|--------|-----------------------------|
| CASA TABOADA, S.C. | 31,90 € | 3,19 € | 35,09 € |

3º.- A continuación procedeuse a puntuar os criterios evaluables automáticamente en base as ofertas presentadas, ao abeiro da cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP):

| Licitador | Total puntuación (100 puntos) |
|--------------------|-------------------------------|
| CASA TABOADA, S.C. | 100 |

Á vista do anterior, a Mesa por unanimidade acorda:

PRIMEIRO. Clasificar as ofertas, ordenada de maneira decrecente:

| LICITADOR | PUNTUACIÓN |
|--------------------|------------|
| CASA TABOADA, S.C. | 100 |

SEGUNDO. Requirir á CASA TABOADA, S.C. para que no prazo de dez días hábiles presenten a documentación xustificativa da oferta económica presentada, constitúan a garantía definitiva e presenten a documentación indicada na cláusula 18 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

PRIMEIRA. Formulouse a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación, cumprido o requirimento en tempo e forma por parte do licitador que formulou a oferta máis vantaxosa, CASA TABOADA, S.C. (C.I.F. J70413497), aportando xustificante bancario do depósito en metálico na conta bancaria titularidade do Concello por importe de 957,00 €.

SEGUNDA. O órgano competente para aceptar a proposta de adxudicación é a Alcaldía xa que o importe do orzamento do contrato (importe sen prórrogas e máis IVE, como partida independente) non excede do 10% dos recursos ordinarios do orzamento (disposición adicional 2ª, 1 e 14 da LCSP), se ben esta competencia da Alcaldía está delegada na Xunta de Goberno Local (acordo do Pleno do Concello de Touro polo que se crea a Xunta de Goberno Local e Decreto da Alcaldía do n.º 212/2023 do 10 de agosto polo que se delegan determinadas competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local).

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Adxudicar a prestación do servizo “Festa da Terceira idade 2024” o 8 de setembro de 2024 (expediente de contratación n.º 2024/C004/000008) a CASA TABOADA, S.C. con C.I.F. J70413497, nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, por un importe de 31,90 € por menú unitario máis IVE (10 %) por importe de 3,19 € para un total de 35,09 € menú servido.

SEGUNDO. Dispor o gasto con carácter mensual con cargo á aplicación orzamentaria 2312.22699.

TERCEIRO. O prezo do contrato será satisfeito contra a presentación de factura unha vez realizado e conformado o servizo.

O contratista terá a obrigaçión de presentar a factura electrónica, no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) a efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma.

CUARTO. Notificar a CASA TABOADA, S.C. xunto cos recursos que procedan, o presente acordo e citarlle para a formalización do contrato en documento administrativo dentro do prazo de 15 días



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

hábiles a contar desde o seguinte ao da notificación da súa adxudicación constituído dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

QUINTO. *Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público, para os efectos da súa inscrición, os datos básicos do contrato adxudicado e publicar na Plataforma de Contratación do Sector Público a adxudicación da licitación.*

SEXTO. *Dar traslado deste acordo ao departamentos municipais afectados pola contratación.*

SÉTIMO. *Facultar ao alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas para unha mellor execución do acordado.*

*Ao abeiro do acordo do Pleno do Concello de Touro polo que se crea a Xunta de Goberno Local e Decreto da Alcaldía do n.º 212/2023 do 10 de agosto polo que se delegan determinadas competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos tres membros que asisten á sesión, sendo catro o seu número legal de membros, **ACORDA:***

PRIMEIRO. *Adxudicar a prestación do servizo “Festa da Terceira idade 2024” o 8 de setembro de 2024 (expediente de contratación n.º 2024/C004/000008) a CASA TABOADA, S.C. con C.I.F. J70413497, nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, por un importe de 31,90 € por menú unitario máis IVE (10 %) por importe de 3,19 € para un total de 35,09 € menú servido.*

SEGUNDO. *Dispor o gasto con carácter mensual con cargo á aplicación orzamentaria 2312.22699.*

TERCEIRO. *O prezo do contrato será satisfeito contra a presentación de factura unha vez realizado e conformado o servizo.*

O contratista terá a obrigaón de presentar a factura electrónica, no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) a efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma.

CUARTO. *Notificar a CASA TABOADA, S.C. xunto cos recursos que procedan, o presente acordo e citarlle para a formalización do contrato en documento administrativo dentro do prazo de 15 días hábiles a contar desde o seguinte ao da notificación da súa adxudicación constituído dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.*

QUINTO. *Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público, para os efectos da súa inscrición, os datos básicos do contrato adxudicado e publicar na Plataforma de Contratación do Sector Público a adxudicación da licitación.*

SEXTO. *Dar traslado deste acordo ao departamentos municipais afectados pola contratación.*

SÉTIMO. *Facultar ao alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas para unha mellor execución do acordado”*

E para que conste e a salvo erro ou omisión involuntaria e coa particularidade do artigo 206 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, libro este certificado de orde do alcalde por delegación.

Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Visto e praxe: Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente